

Xosé-Lois Carreira López (BNG), Elvira Lama Fernández (PSdeG-PSOE), Luis A. Martínez Fariñas (PSdeG-PSOE), Manuel Pérez Campos (ANOVA), Teresa Puga Iglesias (AIDAL), Ramiro Rodríguez Suárez (BNG), Francisco Romero García (APGA) e Manuela Vallejo Dorrió (PSdeG-PSOE), concelleiras e concelleiros desta entidade, ao abeiro dos artigos 46.2 a) da LRBRL, 78.2 do ROF e demais lexislación de aplicación,

EXPOÑEN

1. Que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local establece que "O Pleno celebrará sesión extraordinaria cando así o decida o Presidente ou o solicite a cuarta parte, ao menos, do número legal de membros da Corporación".
2. Que o mesmo artigo 46.2 da LRBRL e o artigo 49.3 determinan que "Ningún concelleiro/a poderá solicitar a celebración de máis de tres sesións extraordinarias cada ano".
3. Que os solicitantes da convocatoria deste pleno extraordinario cumpren todos os requisitos establecidos na normativa legal e regulamentaria citadas.
4. Que en datas 12-11-2013 e 13-11-2013 foron emitidas tres sentenzas dos Xulgados Contencioso-Administrativos nº1 e nº2 de Ourense anulando contratacións do ano 2012 por ir contra do RDL 20/2011, de 30 de decembro, de incorporación de novo persoal e de contratación de persoal temporal nas Administracións públicas ao longo do exercicio 2012.
5. Que as contratacións referidas foron materializadas mediante decretos da Alcaldía, ignorando os informes preceptivos de Secretaría e Intervención, emitidos previamente, e sen os correspondentes procesos de selección.
6. Que nos fundamentos de dereito das sentenzas xa coñecidas o maxistrado cualifica a actuación do Sr. Alcalde-Presidente como de "Desviación de poder e indicios de prevaricación", "Conduta irregular e constante realizada con plena consciencia da súa ilicitude por manter en nómina a determinadas persoas con contratos temporais, pese aos reparos do secretario e do interventor", "Incumprimento groseiro e consciente por parte do mandatario que podería ser constitutivo dun delito de prevaricación", etc.
7. Que, asemade, na parte dispositiva procédese a anular as contratacións e o maxistrado ordena (unha vez a sentenza sexa firme) a remisión das testemuñas e do expediente ao Xulgado de Primeira Instancia de Xinzo para que proceda a investigar as responsabilidades penais que se poderían derivar destas actuacións.
8. Que a relación de feitos reseñada ten xenerado inquietude e incertidume entre os veciños e veciñas de Xinzo e podería repercutir negativamente nos órganos administrativos e de goberno do Concello.
9. Que os veciños e veciñas do concello de Xinzo esixen e merecen unha explicación do Sr. Alcalde-Presidente que aclare a situación e despexe as incógnitas existentes.

Por todo o exposto, as concelleiras e concelleiros que subscriben,

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

SOLICITAN

Primeiro.- A convocatoria de **PLENO EXTRAORDINARIO** nos termos legais e regulamentarios anteriormente expostos.

Segundo.- A inclusión na orde do día desta sesión extraordinaria do seguinte punto:

SITUACIÓN XURÍDICA DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO COMO CONSECUENCIA DAS SENTENZAS QUE O ACUSAN DE "DESVIACIÓN DE PODER E INDICIOS DE PREVARICACIÓN"

Ao longo do ano 2012 foron materializadas mediante decretos da Alcaldía diferentes contratacións de persoal laboral temporal, ignorando os informes preceptivos de Secretaría e Intervención, sen os correspondentes procesos de selección e contravindo o RDL 20/2011, de 30 de decembro, de incorporación de novo persoal e de contratación de persoal temporal nas Administracións públicas ao longo do exercicio 2012. A instancia da Avogacía do Estado os Xulgados do Contencioso-Administrativo nº1 e nº2 de Ourense abriron procedementos para determinar a legalidade destas contratacións. Nas sentenzas coñecidas os pasados días 12 e 13 de novembro o maxistrado procede á súa anulación e cualifica a actuación do Sr. Alcalde do Concello de Xinzo como de "desviación de poder e indicios de prevaricación", ordenando (unha vez a sentenza sexa firme) a remisión do expediente ao Xulgado de Primeira Instancia de Xinzo para que proceda a investigar as responsabilidades penais que se puideran derivar.

Por todo isto solicítase do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo:

- 1. Explicación da situación xurídico-procesal do Concello e do seu Alcalde-Presidente logo das sentencias emitidas polos Xulgados do Contencioso-Administrativo nº1 e nº2 de Ourense.*
- 2. Paralización inmediata dos recursos anunciados diante do TSXG.*

En Xinzo da Limia, a 25 de novembro de 2013

Xosé-Lois Carreira López

Elvira Lama Fernández

Luis A. Martínez Fariñas

Manuel Pérez Campos

Teresa Puga Iglesias

Ramiro Rodríguez Suárez

Francisco Romero García

Manuela Vallejo Dorrío

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA